

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. PRIMEIRO DE MARZO

CURSO: 2º ESO

MATERIA: ÁMBITO CIENTÍFICO P.M.A.R.

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Anexo I. Rúbrica avaliación tarefas

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
FÍSICA E QUÍMICA	
B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.
B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia
B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación
B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.
B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.
B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.
MATEMÁTICAS	
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
	MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.

	MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.
B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.
B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.	MAB2.6.3. Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: As tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grao de consecución das mesmas. Así o alumnado poderá incrementar a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1,5 puntos, dependendo das tarefas entregadas e da súa calidade..</p> <p>As tarefas realizaranse vía correo electrónico. En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> <p>.</p> <p>Instrumentos: As actividades propostas baséanse nos mínimos esixibles para esta materia. As actividades só terán unha avaliación positiva e introducirán os temas que trataríamos no terceiro trimestre en mínimos competencias de xeito que garantan as necesidades do vindeiro curso.</p> <p><u>Alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa:</u> Realizarán ademais da tarefas encomendadas para a 3ª avaliación, as propostas para reforzar as avaliación suspensas Respecto as probos escritas, quedamos á espera das instrucións para a proba avaliadora (proba ordinaria e extraordinaria).</p>
Cualificación final	<p>o procedemento para obter a cualificación final de curso é o seguinte:</p> <p><u>1ª avaliación:</u> 60% da nota media da ordinaria (ata 6 puntos)</p> <p><u>2ª avaliación:</u> 40% da nota media da ordinaria (ata 4 puntos)</p> <p><u>3ª avaliación:</u> 15% extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos).</p> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimos para unha avaliación positiva 5.</p> <p>Fórmula da cualificación:</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px; display: inline-block;"> Nota final= ata 6 puntos da 1ªaval + ata 4 puntos da 2ª aval + ata 1,5 puntos extra da 3ª aval </div> <p>Para o alumnado cuxa media ponderada xunto coa puntuación extra non acade un 5, contará coa posibilidade dunha proba final ordinaria telemática ou presencial (se for posible) na que se avaliarán os estándares mínimos tratados ata a suspensión das clases.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se for posible proba telemática ou presencial cos mínimos desenvolvidos nas clases presenciais do curso 19-20.O alumnado realizará un caderno de reforzo (semellante o traballado na terceira avaliación) que representará o 30 % da súa cualificación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado co ámbito científico pendente en cursos posteriores. Si se adica especial atención ao alumnado coa materia Bioloxía e Xeoloxía de Matemáticas de 1º da ESO pendente. Nestes casos aplícanse os criterios recollidos no Plan de Recuperación da Programación ordinaria.</p>

	Criterios de cualificación: Non proceden
	Procedementos e instrumentos de avaliación Non proceden

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As activades, de variado formato, basearanse nos mínimos a acadar durante o curso e no afondamento do esencial para os seguintes. que o alumnado entregará nun prazo de tempo razoable.</p> <p>As principais propostas son</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de resumo ou de consolidación: <ul style="list-style-type: none"> ○ Resumos dos principais contados en pdf e ppt ○ Esquemas. ○ Visionado de vídeos • Actividades de reforzo. <ul style="list-style-type: none"> ○ Boletíns de exercicios • Actividades de ampliación <ul style="list-style-type: none"> ○ Visionado de titoriais
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través do correo electrónico baionabio2020@gmail.com. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno/a.</p> <p>O alumnado de 2º C PMAR, recibiron instrucións e formación vía correo electrónico pactada xa entre o alumnado dos grupos e o profesor a través do seguinte enderezo electrónico baionabio2020@gmail.com, considérase a vía máis rápida e efectiva de comunicación dada a falta de tempo para artellar unha vía mellor.</p> <p>As clases presenciais vía telemática non tiveron lugar debido a que parte do alumnado de 2º C PMAR debido a que: non tiña adquirida as suficientes competencias informáticas, problemas de equipamento axeitado, e problemas de conectividade, e a inmediatez da situación que dificultaba a organización neste grupo</p> <p>Hai que destacar que 2ºCPMAR traballa dun xeito moi irregular e discontinuo debido aos problemas procedementais que presenta o alumnado e que se agravan fronte a excepcionalidade da situación.</p> <p>Traballouse tanto o reforzo como ampliación de coñecementos cara ao vindeiro curso.</p> <p>Regularmente recibirán instrucións e aclaracións sobre as propostas didácticas correspondentes coa temporalización da programación. O alumnado terá tarefas asignadas para comprobar a adquisición deses coñecementos e poderá sempre preguntar calquera dúbida diariamente. En ditas propostas traballaremos tanto co libro de texto, links relacionados coa materia, videos e titoriais que faciliten a comprensión e adquisición dos mínimos esixibles así como a ampliación de coñecementos</p> <p>As carencias tecnolóxicas foron comunicadas á Dirección do centro que facilitou equipamento informático ao alumnado deste grupo que o demandou, arbitrando así unha solución que beneficiara a dito alumnado .</p> <p>Do mesmo xeito o Departamento de Orientación e Xefatura de estudos foron notificados da singularidade do grupo e das dificultades que supón impartir docencia neles polo equipo de profesorado.</p>
Materiais e recursos	

	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de clase -Caderno de tarefas ou fichas individualizadas (provistas pola editorial ou de elaboración propia) -Vídeos explicativos -Webs externas axeitadas relacionadas coas Matemáticas e a Físico-Química - Carpeta Drive - Páxina web do centro

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As instrucións para esta terceira avaliación estanse a chegar ou chegaranse ao alumnado e as familias a través de correo electrónico (profesorado), publicándose na web do centro e comunicándose ao titor ou titora do grupo. Asemade, de detectarse abandono ou desconexión por parte do alumnado comunicaráselle tanto a titoría como a Xefatura de Estudos para tomar as medidas oportunas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, tanto na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía como na habilitada para a docencia durante o estado de alarma.

ANEXO I

RÚBRICA BAREMACIÓN DO TRABALLO DA 3ª AVALIACIÓN					
	0 puntos Mal	0,2 puntos Regular	0,4 puntos Aceptable	0,6 puntos Bo	0,75 puntos Moi bo
Entrega de tarefas	Tarefas non entregadas	Tan só entregou un 25% da tarefas encomendadas ou parcialmente realizadas (menos da metade)	Entrega do 50% das tarefas ou parcialmente ou realizadas (metade)	Entrega de ao menos o 75% das tarefas encomendadas e/ou realizadas nun 75%	Todas as tarefas entregadas en forma e prazo
Grao de consecución	Estándares de aprendizaxe mínimos non acadados	Estándares mínimos parcialmente acadados.	Acadou os mínimos esixibles	Grao de consecución satisfactorio.	Grao de consecución moi satisfactorio.